

Resolución do expediente con código PO-00022014A(1.1) e titulado Proxecto de ordenación forestal MONTOUTO, Concello Quiroga, Provincia Lugo.

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. O día 16.02.2021 tivo entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación o expediente exposto con anterioridade.

Segundo. A solicitude non inclúe novos modelos silvícolas ou de xestión forestal ou de referentes de boas prácticas específicos.

Terceiro. A documentación presentada está completa.

Cuarto. Conforme se establece na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, procedeuse a solicitar informes aos diferentes organismos e á publicación no DOG no 20.07.2023. Os organismos consultados presentan os seus informes nas seguintes datas:

- Patrimonio Cultural (24-03-2021)
- Instituto de Estudos do Territorio (26-04-2021 e 19-07-2023)
- Confederación Hidrográfica Miño-Sil (02-07-2021 e 21-08-2023)
- Patrimonio Natural (01-12-2023)

Quinto. Con data 26/02/2024 a directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático resolve Formular a declaración de impacto ambiental do proxecto de Repoboación forestal no Monte Veciñal en Man Común (M.V.M.C.) "Montouto", localizado na parroquia de Vilarmel, no concello de Quiroga (Lugo), promovido pola C.M.V.M.C. de Vilarmel, concluíndo que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no EsIA e demais documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA

Sexto. Con posterioridade á Declaración de Impacto, iniciouse a tramitación do proxecto de ordenación, o Servizo de montes de Lugo solicita o seguinte informe:

-Distrito Forestal VIII- TERRA DE LEMOS. Recibido con data 11.03.2024 en sentido favorable.

Sétimo. O día 20.03.2024 procedeuse a darlle o trámite de audiencia segundo o artigo 82 da Lei 39/2015. Este trámite de audiencia abriuse para que o promotor incorporara no instrumento as condicións e exixencias recollidas na DIA. Con data 25.03.2024 o promotor contesta ao trámite de audiencia recollendo os cambios derivados da DIA

Oitavo. O día 27.03.2024 o servizo de montes propón a aprobación do expediente indicando:

O instrumento cumpre cos requisitos establecidos no Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia e eleva o expediente á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal para que resolva a súa aprobación.





CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 8.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, no Decreto 59/2023, de 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 223/2022, de 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e no Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, a competencia para resolver correspóndelle á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal.

Segundo. O expediente foi instruído conforme ao disposto ao Decreto 52/2014, de 16 de abril polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e xestión de montes, e seguindo o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Terceiro. A aprobación do proxecto non pode obviar a aplicación do resto da normativa, que tamén é de aplicación aos instrumentos de ordenación aprobados expresamente pola administración, entre outra:

- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia
- Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
- Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia.

E demais normativa sectorial que conorra sobre o ámbito territorial do proxecto

Polo anteriormente exposto, RESOLVO:

APROBAR a primeira presentación do expediente con código PO-00022014A(1.1) e titulado Proxecto de ordenación forestal MONTOUTO, Concello Quiroga, Provincia Lugo e autorizar a súa inscrición no Rexistro de Montes Ordenados, segundo o artigo 81.1 da Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, cunha vixencia ata o 1 de xaneiro do ano 2031 inclusive, co número de rexistro 2700604.

Esta resolución circunscríbese ás competencias dos organismos sectoriais da Xunta de Galicia, sen prexuízo das competencias que outros organismos, nomeadamente os estatais, poidan ter sobre a materia.

Considérase incorporada a esta Resolución, a declaración de Impacto Ambiental formulada con data 26/02/2024 pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático no que resolve formular a declaración de impacto ambiental do proxecto de ordenación forestal no M.V.M.C. de Montouto, no concello de Quiroga (Lugo), promovido pola C.M.V.M.C. de Vilarmel, de conformidade co artigo 42 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental





Contra a presente resolución, a persoa interesada poderá interpoñer RECURSO DE ALZADA no prazo DUN MES dende o día seguinte ao da súa notificación, ante a Conselleira do Medio Rural, ao abeiro dos art. 112 e 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Transcorrido este prazo sen presentarse o devandito recurso, esta resolución adquirirá firmeza en vía administrativa.

Mediante este documento notifícaselle a ARSENIO LÓPEZ GÓMEZ, representante de CMVMC DE VILLARMELE, NIF V27279249 esta resolución segundo o esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data de sinatura electrónica

O director xeral de Planificación e Ordenación Forestal
José Luis Chan Rodríguez

